

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Vista a addenda ao convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Muras (Lugo) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

Vista a necesidade de contratación de 4 peóns forestais e 1 xefe de brigada para labores de prevención e defensa contra incendios na campaña do 2020.

Incorporadas as bases para selección do devandito persoal; de conformidade co disposto no artigo 21.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases de selección para contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado de 4 peóns forestais e 1 xefe de brigada con cargo á addenda ao convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Muras (Lugo) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, así como convocar as correspondentes probas.

SEGUNDO: Publicar as mesmas no BOP de Lugo, na páxina web do Concello e no taboleiro de Edictos do Concello.

TERCEIRO: Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto legislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, don Silvia Lamelas Soto, como Secretaria dou fe. (Asinado aos efectos do artigo do 3 do RD 128/2018)

